



De orixes rusas pero nado en Riga en 1970, **Sergej Timofejev** é un dos membros de *Orbita*, un colectivo artístico letón formado por creadores e poetas en lingua rusa. Xornalista, tradutor e DJ, ademais de poeta, dende os primeiros anos 90 ten publicado colaboracións en multitude de xornais, como *Rodnik*, *Mitin zhurnal*, *Vavilon* ou *Znamia*, entre outros.

Timofejev é autor de sete libros de poesía; catro publicados en Letonia e outros tres en Moscú e San Petersburgo. Foi nominado para o premio Andrei Belyi en 2002, gañou o da Unión de Escritores Letóns en 2005 e o Russkaja Premija en 2010. Ten participado tanto en antoloxías coma en festivais poéticos internacionais dende Suecia a Xeorxia pasando polo Reino Unido, Ucraína, Eslovenia ou Alemaña, e poemas seus foron traducidos a máis de dez linguas entre as que se conta o inglés, o sueco, o italiano, o alemán e o galego (dentro da antoloxía *Con Barqueira e Remador*, 2013). En 2011 encabezou o *Comité Nacional pola Cultura* do Ministerio de Cultura de Letonia.

Un dos poetas máis audaces e innovadores do Báltico, ten posto en práctica unha chea de experimentos que mesturan poesía con música, instalación, vídeo e mesmo videoxogos. Constitúe todo un pioneiro da videopoesía en ruso, e a súa primeira peza neste campo -*Repeticija orkestra (Ensaio da Orquestra)*, que pode verse en YouTube- data de 1994.

#### O Norte

*Sento tranquilamente a comer un vodka  
nun local do norte da cidade.*

*Teño o peto cheo de chisqueiros;  
podo prender lume a todo canto queira ou só aquecer a man.*

*Ti sentas tamén, ti criatura pálida e adorable;  
acomódaste no fociño quente do destino.*

*Nada de chamadas a outras compañías telefónicas,  
esa é a única regra da nosa sociedade.*

*E ela sentou tamén, e quedou calada todo o camiño,  
todo o paso dende as seis da tarde ata as once.*

*Despois púxenme de pé e dixen grazas polo serán:  
polo tempo, espazo e movemento.*



## (SERGEJ TIMOFEJEV)

Luns **17** de marzo  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





**Antía Otero** naceu na Estrada en 1982. É licenciada en Historia da Arte Contemporánea pola USC, Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual de Arte-a (polo Museo Reina Sofía en colaboración coa Universidade de Alcalá) e Máster en Historia e Estética do Cinema pola Universidade de Valladolid. Na actualidade, é vicepresidenta da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, onde coordina a área dos Novos Escritores/as.

Como autora literaria foi gañadora do VII Certame Francisco Añón de Poesía co poemario *De porta un horizonte*. Ademais, publicou os poemarios individuais *O Son da Xordeira* (2003) e *(Retro)visor* (2010), e participou en multitude de publicacións colectivas, entre as que destacan *Negra Sombra*, *Poetízate*, *Polifonías* ou a antoloxía *Novas de Poesía*.

Leva varios anos dedicada a impartir o obradoiro de nova creación artística *O ollo da arte* en NORMAL (A Coruña), xunta outros obradoiros poéticos en diferentes espazos do país. Igualmente, leva percorrido centros de ensino e bibliotecas cos seus recitais, sesións de lecturas e escrita, así como formado parte de multitude de iniciativas literarias. Interesada na fusión da poesía con outras linguaxes creativas, con Isaac Garabatos crea o traballo de perfoesía *(Retro)Visor* (que se pode seguir en [www.poesiaexpandida.wordpress.com](http://www.poesiaexpandida.wordpress.com) como por salas de toda Galicia) e co artista Antonio Rodríguez fai parte do colectivo *Derodríguez*.

*Ás veces  
mordo as unllas  
ata a sobredose  
e agocho as mans  
baixo das sabas*

*No medio das pernas*

*Esa  
é a única mutilación  
que me permito*



(ANTÍA  
OTERO)

Luns 17 de marzo  
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |  
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |  
| [agora@coruna.es](mailto:agora@coruna.es) | [www.centroagora.es](http://www.centroagora.es) |

